



CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

ANUNCIO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO
OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO LEI 20/2021

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en reunión de data 01/04/2022, adoptou entre outros acordos o seguinte:

“PRIMEIRO. En cumprimento do disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, apróbase a Oferta de Emprego Público de 2022 correspondente a prazas estruturais de persoal funcionario da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo desempeñadas por persoal con vinculación temporal e incursas no suposto do artigo 2.1 da lei citada.

Especificanse as escalas e subescalas e o número de prazas para cada unha delas:

Nº	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Quenda
2	Aux. Advo.	C2	Admón. Xeral	Aux. Advo.	----	Libre
2	Arquitecto	A1	Admón. Esp.	Técnica	Superior	Libre

Sistema de selección: concurso-oposición.

SEGUNDO. En cumprimento do disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, apróbase a Oferta de Emprego Público excepcional de 2022 correspondente a prazas estruturais de persoal funcionario da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo desempeñadas por persoal con vinculación temporal e incursas nas Disposicións adicionais sexta e oitava da lei citada.

Especificanse as escalas e subescalas e o número de prazas para cada unha delas:

Nº	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Quenda
5	Téc. Admón. Xeral	A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	Libre
1	Aux. Advo.	C2	Admón. Xeral	Aux. Advo.	----	Libre
2	Arquitecto	A1	Admón. Esp.	Técnica	Superior	Libre
1	Enx. Sup. Ind.	A1	Admón. Esp.	Técnica	Superior	Libre

Sistema de selección: concurso. Este proceso de estabilización realizarase por unha soa vez.

Conforme ao artigo 59.1. do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, a praza da Escala de Administración xeral, Subescala Auxiliar Administrativa, resérvase para persoas con discapacidade. (discapacidade intelectual).

TERCEIRO. Deixar sen efecto a Oferta de Emprego Público da XMU correspondente á anualidade de 2017; parcialmente a Oferta de Emprego Público correspondente á anualidade 2018 (catro





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

prazas para a estabilización-consolidación) e parcialmente a Oferta de Emprego Público para a anualidade de 2021 (cinco prazas para a estabilización de emprego).

CUARTO. Articular os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal garantindo o cumprimento dos principios de libre concorrència, igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

QUINTO. No sistema de selección mediante concurso-oposición, a valoración da fase de concurso supoñerá o corenta por cento da puntuación total, considerándose maioritariamente a experiencia na escala, categoría ou equivalente de que se trate. Non serán eliminatorios os exercicios na fase de oposición. Non serán de aplicación a estos procesos o disposto nos artigos 8 e 9 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

SEXTO. No sistema de selección mediante concurso considerárase maioritariamente a experiencia profesional, en concreto os servizos efectivos prestados en prazas da escala, subescala e categoría de que se trate desenvolvidos no Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

SÉTIMO. Trasladar o presente acordo ao Ministerio de Facenda e Función Pública a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos.

OITAVO. Trasladar o presente acordo á Administración Xeral do Estado, a través da Subdelegación do Goberno, aos efectos do sinalado no artigo 56.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

NOVENO. Publicar o presente acordo na Sede Electrónica e na Intranet municipal e notificalo aos funcionarios que desempeñan postos nas prazas obxecto de Oferta.

DÉCIMO. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.

UNDÉCIMO. Instar á Xerencia Municipal de Urbanismo a que con anterioridade ao 15 de decembro de 2022 eleve á Xunta de Goberno Local a aprobación das Bases das convocatorias das prazas incluídas nas Ofertas de Emprego; a publicación do extracto no BOE das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas Ofertas producirase antes do 31 de decembro de 2022.

tr/

Vigo, na data da sinatura dixital

A Vicepresidenta da XMU
(Resolución do 11.07.2019)

Asdo. María José Caride Estévez

